

# Novo zume editorial

33

Nordesía

Diario de Ferrol  
DOMINGO,  
2 MARZO DE 2014

X. A. LÓPEZ SILVA

**U**n dos fenómenos máis interesantes do panorama librario español dos últimos anos está a ser a irrupción no mercado das pequenas editoriais independentes. A consolidación dalgunhas axuda a que outras comencen o seu camiño. Con poucos meses de andadura, unhas cantas amosan capacidades que dan conta do altísimo nivel de profesionais, na súa maioría novos, que concentran ademais dunha profunda formación, anos de experiencia no sector. É unha xeración de editores que en certo sentido retoma a concepción antiga do oficio: a de estar a pé de rúa, man a man co lector, pero tamén co libreiro, recuperando o valor cultural intrínseco intrínseco á literatura.

Un bo exemplo disto é a asturiana Hoja de Lata, unha editorial verdadeiramente “delicatessen”, obra de Laura Sandoval e Daniel Prendes. Ambos deron o paso dende o sector libreiro. Foi unha aposta arriscada pero gorentosa, que aos poucos está dando os froitos dun catálogo cuidadísimo e selecto que comeza con *Arraianos*, de Méndez Ferrín, na tradución castelá de Luisa Castro, que cumpre precisamente vinte anos este 2014. O catálogo complétase cunha serie de obras que reúnen a característica común de seren de alta calidade en xeral descoñecidas para o público. Destacamos en particular *Cartas de una pionera*, de Elinore Pruitt Stewart, e o fermosísimo *Los javaneses*, de Jean Malaquais, en tradución de Emma Álvarez. Xusto agora acaba de saír do seu prelo *Lo poco que sé de Glafcos Zrasakis* do interesantísimo literato grego Vasilis Vasilicós, unha profunda reflexión sobre literatura europea e historia de Grecia no século XX; un libro fundamental e imprescindible que cautivará aos coñecedores e non coñecedores do universo de Vasilicós.

Laura e Daniel coinciden en sinalar que os seus vencillos co mundo do libro resultaron fundamentais para o seu plantexamento editorial: “estamos máis ao tanto do que queiren os lectores, de que aínda hai eivas por cubrir, e que o libro coma produto de calidade ten aínda moito percorrido. O catálogo tamén amosa as nosas señas de identidade, porque consideramos que como editorial tamén temos un compro-



Na imaxe, de Alfonso Rodríguez Barrera, algunha das propostas da editorial Siberia

“O futuro son as páxinas dun libro, que debe escribirse tamén por lectores conscientes da necesidade destes proxectos

miso social máis alá do meramente cultural”. Ao tempo, Laura e Daniel son conscientes de que deben ir un paso máis alá e ofrecer elementos máis cuidados no tratamento das redes sociais e de internet. Isto queda plasmado nos seus “booktrailers”, verdadeiras alfaias cun nivel de calidade poucas veces visto neste tipo de traballos. A mesma atención á rede, á presencialidade e ao diálogo co público está presente na editorial Siberia, dirixida pola galega Iria Rebolo, que considera que nesta aposta pola calidade está o selo distintivo da edición independente, e máis nos tempos que se avexían, de gigantes editoriais que conciben o negocio dende perspectivas baseadas nos beneficios empresariais e de extensión do ámbito dixital. Sen desprezar isto, Iria insiste en que a óptica das editoriais independentes é moi diferente, porque parte de prestixiar o libro como obxecto, con todo o que iso conleva: “Siberia quere atender tamén a un lector que non só busca un texto de alta calidade, senón que valora o

“Internet é esencial para o mundo editorial, fornece a relación profunda de transmisión cultural entre o editor e os lector, e viceversa

cuidado que pon o editor na elaboración do libro, mimando ata os mínimos detalles. Por enriba de todo, afirma, está o lector, e o respecto ao feito de que ao eleixirmos, escolle unha obra que vai tentar coincidir con el no amor non só pola literatura, senón tamén polo elemento físico do libro coma obxecto. “A diferenza do ebook –continúa Iria–, o libro vai acompañarnos, se queremos, durante a nosa vida e a dos nosos herdeiros”. O excelente catálogo de Siberia confirma as palabras da súa editora. Son gorentosos títulos como *Elogio del fetichismo*, de Pierre Bourgeade, *Lista De Desaparecidos*, de Andrés Barba, *Cartas De Amor de Dylan Thomas* (imprescindible), *Hacer El Amor* do belga Jean-Philippe Toussaint, e autores en perspectiva coma Ishmael Reed e Bennet Sims. Recén saído do prelo Siberia presenta *Le Park*, de Bruce Bégout, un dos autores franceses de máis transcendencia, que nos presenta unha reescritura da utopía a través da revisión dun non-lugar non moi recoñecido coma tal: o parque

de atraccións.

Tanto Iria Rebolo coma Daniel e Laura insisten en poñer a foco no papel do lector e na necesidade que había no panorama español de personalizar a relación entre lectores e editores. “O papel de internet é esencial nese sentido”, salienta Iria, quen engade que “este fornece a relación profunda de transmisión cultural entre editor e lector, e viceversa. Esta é tan importante como a que se pode dar entre autores e lectores; e en todo caso, absolutamente indispensable”.

Estes homes e mulleres novos entréganse de cheo a un oficio xa vello, pero fascinante, concebido dende a máis estricte das seriedades, porque está vencellado tamén dun modo estricte, á vocación personal. Todos eles son conscientes de que hai un labor cultural e social clave no traballo que realizan, onde nin autores, nin lectores son elementos de consumo, e moito menos os libros. Estes son o resultado dunha tarefa que necesita actualizarse constantemente na intrínseca relación formada pola comunidade lectora e os editores, que deben estar atentos non ao mercado, senón aos intereses do público. “A concepción é moi diferente”, sinala Daniel, desde Hoja de Lata. “O futuro son as páxinas dun libro”, afirma por parte de editorial Siberia Iria Rebolo, “un libro que debe escribirse tamen por lectores conscientes da necesidade destes proxectos. Todos estamos no mesmo camiño, o de facermos cultura.”

viaxe Inconstante